

Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOSTA DO PROMOTOR AO INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO O SOBREDO
Promotor	PARQUE EÓLICO O SOBREDO SL
Localización	ARBO (PONTEVEDRA)
Expediente	IN661A 2011/5-4

SOLICITANTE: Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

FEITOS :

A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe do Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 17/12/2021 e número de rexistro de entrada 2021/2362974, unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.

Con data 11/05/2022 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.

Con data 27/05/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1137651, o Servizo de Enerxía e Minas de Pontevedra da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación da traslado da resposta do promotor ao informe desta dirección xeral de data 11/05/2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ó establecido no artigo 37.2.i) da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta dirección xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítase o seguinte

INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en contestación ó informe previo desta dirección xeral, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse satisfeitos os requirimentos feitos nos informes previos.

Con respecto as medidas protectoras, sinalamos que durante o primeiro ano de explotación deberase realizar un control sobre os receptores mais afectados polo efecto do parpadeo de sombra e no caso necesario planificarase a programación da parada técnica temporal.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

